

NÚMERO 7/18

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 14 DE XUÑO DE 2018.

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día catorce de xuño de dous mil dezaoto, reúnese o Pleno do Concello en sesión extraordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Coteló, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. María del Carmen Pose Varela, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame do único asunto da Orde do Día, adoptándose o seguinte acordo:

Aprobación definitiva do Presuposto municipal para 2018.-

Exposto pola Alcaldía o ditame favorable da Comisión Xeral para a aprobación definitiva do Presuposto municipal para o exercicio 2018, sométese o asunto a deliberación.-

O sr. López Mallo manifesta a opinión do grupo PP contraria ás alegacións presentadas, por entender que carecen de sentido en canto ao fondo de acción social, e que a modificación da RPT no relativo á Tesourería é cuestión que debe abordar a Alcaldía para tramitar o oportuno expediente previo debate entre os responsables dos grupos, é unha cuestión importante para o organigrama e con implicacións económicas. Non obstante vanse reiterar no exposto verbo do Presuposto con motivo da aprobación inicial deste, con referencia ao incremento do gasto corrente, baixo nivel de investimento, elevado importe das consignacións para festas e o feito de que a Alcaldía non contara co grupo PP para elaboralo. O seu grupo vai votar contra a aprobación definitiva, e a favor da desestimación das alegacións.-

O sr. Alcalde manifesta que coincide co exposto polo sr. López Mallo en que as alegacións deben ser desestimadas e tamén en que debe someterse ao Pleno o asunto da Tesourería, pero deben ser rexeitados os argumentos esgrimidos contra a aprobación do Presuposto como se puxo de manifesto con motivo da súa aprobación inicial.-

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría, con dez votos a favor dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG e sete votos en contra do grupo PP, o seguinte acordo:

1º.- Desestimar as reclamacións presentadas por Argimiro Casco Lago, a primeira relativa ao incremento da aplicación orzamentaria destinada ao fondo de acción social, porque o orzamento municipal para o exercicio 2018 inclúe os créditos para acción social recollidos no acordo regulador e convenio colectivo de 2004; e as reclamacións segunda e terceira nas que se solicita a inclusión da RPT nos orzamentos “modificándola con la creación de Tesorería habilitado y los puestos originados por la ejecución de la sentencia de TSJG” e a presentación de “nuevos presupuestos para el 2018, acompañado de la RPT, con la inclusión del tesorero y los puestos derivados de la referida ejecución de sentencia del TSJG”, porque a RPT non está entre a documentación que segundo os artigos 164 e seguintes debe integrar o expediente orzamentario e non procede a inclusión en orzamentos de postos non previstos na RPT.-

2º.- En aplicación do artigo 21 do R.D. 500/1990, anular os seguintes expedientes de modificación de crédito, realizados sobre a prórroga orzamentaria, ao entender incluídas as modificacións nos créditos iniciais: 04/2018, 05/2018, 09/2018, 11/2018, 12/2018 e 13/2018.-

3º.- Aprobar definitivamente o Presuposto Xeral e o Cadro de Persoal do Concello para o exercicio 2018, aprobado inicialmente en sesión plenaria de 26-4-2018.-

4º.- Notificar este acordo aos interesados que presentaron reclamacións.-

5º.- Publicar o Presuposto, resumido por capítulos, xunto co Cadro de Persoal, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, e remitir copia de aquel á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 e 169.3 e 4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte horas e quince minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-